

# **CONCELLO PLENO**

## **ACTA DE SESIÓN**

**ORGANO:** CONCELLO PLENO  
**ACTA NUMERO:** 2009/11  
**CARACTER:** EXTRAORDINARIA  
**CONVOCATORIA:** Primeira.  
**DATA:** 18 DE AGOSTO DE 2009

---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas do día **18 de agosto de 2009** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suarez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

**Presidente:**

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

**Concelleiros presentes na sesión:**

**Polo Grupo do B.N.G.**

D. Vicente Castro Reigosa  
Dona Mari Luz Alvarez Lastra  
D.Horacio Cupeiro Rodriguez

**Polo Grupo do P.P.**

D. José Carlos Rodríguez Andina.  
D.José Duarte Díaz  
D. Jesús López Penabad  
Dona Begoña Sanjurjo Santar.

**Polo Grupo do PSG-PSOE**

D.Balbino Pérez Vacas  
D. Ramón López Pérez  
Dona Maria José Rodríguez Arca

**Polo Grupo de U.P.R.I.**

D. Francisco Rivas Álvarez  
Agustín Reymondez Gancedo.

**Secretario acctal :**

D. José Rodil Veiga

**Interventora:**

Dª Olalla Alvarez de Neyra Martínez

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do día:

### **2009/01/49.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.-**

Dase conta do ditame da Comisión informativa de Urbanismo e Obras de 14 de agosto de 2008 sobre as licenzas epigrafiadas, en síntese, transcribíndose de seguido o ditame obrante no expediente:

“Dase conta dos expedientes de licenzas de primeira ocupación que se relacionan e que son ditaminados favorablemente, por unanimidade, para a adopción do acordo correspondente polo Pleno Municipal de acordo coa delegación efectuada a favor deste Organo pola Alcaldía-Presidencia:

#### **1. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR NAVILI S.L. PARA EDIFICIO CONSTRUIDO EN VIA TRANSVERSAL 40-42 PARA 80 VIVENDAS.-**

Expediente nº 2009/18 tramitado a instancia de NAVILI S.L. CIF b-61181293 interesando **licencia de primeira ocupación** para edificio de tres sotos, planta baixa, cinco plantas altas e baixo-cuberta para 80 vivendas , garaxes e locais libres construído en Vía Transversal números 40-42 de Ribadeo ao abeiro da licenza de obras núm. 2006/143 de data 19 de xuño de 2006.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 30 de xullo de 2009.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupación polo Pleno municipal.

## **2. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR CONSTRUCCIONES OS MOLINEROS S.L. PARA EDIFICIO CONSTRUIDO EN AVDA. ROSALIA DE CASTRO- CALVO SOTELO, RIBADEO.**

Expediente nº 2009/19 tramitado a instancia de CONSTRUCCIONES OS MOLINEROS S.L., CIF B27296011 interesando **licencia de primeira ocupación** para edificio de tres sotos, planta baixa, seis plantas altas e dúas plantas ático para 60 vivendas , garaxes e local libre (Fase III) sito en Rosalía de Castro, Avda. Leopoldo Calvo Sotelo y Bustelo, e construído ao abeiro da licenza de obras outorgada o 21 de xullo de 2004 , expediente núm. 2004/146.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 7 de agosto de 2009.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

Neste punto promóvese deliberación indicándose por parte do Concelleiro e membro desta Comisión do Grupo Municipal socialista don Ramón López Pérez que ten solicitado un informe da Alcaldía sobre os pagos efectuados por ocupación da vía pública polo promotor, indicando que polos datos facilitados na Intervención no seis primeiros meses do ano non ten pagada ocupación e que debe requerirse ou non outorgarlle a licenza de primeira ocupación en tanto non se proceda ao aboamento.

Por diversos Concelleiros expone a súa opinión sobre este particular.

A Alcaldía manifesta que non ten inconveniente en averiguar se existen débedas do promotor por ocupación de vía pública e debatíndose sobre o impedimento ou non para o outorgamento da licenza de primeira ocupación a que pode dar lugar o impago da referida ocupación, acordándose que pola Alcaldía se requira dos servizos municipais os pagos efectuados e, no seu caso, se requira ao promotor para o pago que non se houbera efectuado, no seu caso.

## **3. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR JOSÉ PULPEIRO DOVAL OS GALLOPIÑOS S.L. PARA EDIFICIO CONSTRUIDO EN VIA TRANSVERSAL 36, RIBADEO.**

Expediente nº 2009/22 tramitado a instancia JOSÉ PULPEIRO DOVAL-OS GALLOPIÑOS S.L., CIF B27254093, interesando licenza de primeira ocupación para edificio de dous sotos, planta baixa, cinco plantas altas e baixo-cuberta para 51 vivendas , garaxes e locais libres construído ao abeiro da licenza de obras de data 28.03.2005 ,expediente número 2005/14.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 30 de xullo de 2009.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

#### **4. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR LUISA MARIA GARCIA SÁNCHEZ PARA EDIFICIO REHABILITADO PARA UNHA VIVENDA UNIFAMILAIR EN TRINIDAD, 14.**

Ao iniciarse este asunto o Sr.Alcalde-Presidente abstense de intervir por razóns de parentesco coa titular do expediente, non participando na deliberación e votación do mesmo.a tenor do disposto no art. 21 do R.O.F. e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Expediente nº 2009/20 tramitado a instancia de Luisa Maria González Sánchez, DNI/NIF 45430612-T interesando licenza de primeira ocupación para edificio rehabilitado en rúa Trinidad, 14 ao abeiro da licenza municipal de obras de data 6 de outubro de 2003, expediente número 2003/162 e composto de panta baixa, alta e baixo-cuberta para unha vivenda unifamiliar.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 7 de agosto de 2009.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros presentes, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

**5. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON MANUEL CIDRE RODRIGUEZ MASEDA PARA REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN SAN MIGUEL, 4. RIBADEO.**

Ao iniciarse este asunto o Sr.Concelleiro e membro desta Comisión don José Carlos Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular abstense de intervir por razóns de parentesco co titular do expediente, non participando na deliberación e votación do mesmo, de conformidade co disposto no art. 21 do R.O.F. e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Expediente nº 2009/21 tramitado a instancia de Manuel Cidre Rodríguez Maseda, DNI/NIF 33550497-Y interesando **licencia de primeira ocupación** para rehabilitación de edificio de planta baixa, primeira e baixo-cuberta para unha vivenda unifamiliar en San Miguel, 4 Ribadeo, realizada ao abeiro da licenza de obras concedida o 3 de xullo de 2008, expediente núm. 2008/149.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 30 de xullo de 2009.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.”

Iníciase deliberación intervindo o Sr.Alcalde e indica que na Comisión Informativa o portavoz do PSG-PSOE D.Ramón López Pérez fixo unha pregunta sobre a ocupación da vía pública na Avda. de Rosalía de Castro por parte de Construcciones Os Molineros e que se quedou no debate en que nada tiña que ver unha cousa con outra, a primeira ocupación para o edificio coa ocupación da vía pública pero que él quedou en que se daría unha explicación e pasa a palabra á Sra.Interventora para aclarar o tema expresando ésta que se procedeu á comprobación de se constaba algunha pendente de pago e comprobouse que non existe ningunha na Tesourería municipal, que existen

diversas liquidacións por períodos cortos ao longo do ano pero que están todas aboadas.

Interven o Sr.López Pérez do PSOE que manifesta que iso non se corresponde coa realidade da ocupación do viario público, xa que non so eles senon calquera persoa puido comprobar que había ocupación e que efectivamente o que dí a Interventora, están feitas as liquidacións; que xa lle facilitaron os datos nas Oficinas municipais, pero que dos 180 días dos primeiros seis meses do presente ano so se pagaron 11 días de ocupación de vía pública e iso non pode ser porque se estiveron ocupando todos os días a vía pública con 20 ou 25 m<sup>2</sup>.; que non sabe de quen é a responsabilidade pero o que si sabe é que a esa empresa hai que esixirle que pague pola ocupación que fixo e independetemente disto considera igualmente que a beirarrúa dese edificio está en moi mal estado, que está de cor vermella polas obras realizadas e que van votar en contra, o seu Grupo, non porque estean en contra do informe do Sr.Arquitecto municipal senon porque consideran que deberían pagar o que ocuparon e deixar as cousas como estaban, e reitera que o voto do seu Grupo vai ser en contra de concederlle a licenza de 1<sup>a</sup> ocupación.

Intervén o Concelleiro e portavoz do PSOE Sr.Pérez Vacas que ratifica todo o dito polo Concelleiro Sr.López Pérez e manifesta que non entendeu ben a explicación da Intervención, preguntando se se quere dicir que non hai mais documentación de ocupación do viario público ou que están pagadas todas as liquidacións que están feitas; a Sra. Interventora contesta que está pagado todo o que se liquidou e nas Oficinas de Intervención non hai máis documentación pendente. O Sr.Pérez Vacas indica entón que o que non consta e máis documentación respecto á ocupación do referido viario, indicándoselle que así é, por parte da Sra. Interventora.

Conclúe o Sr.Pérez Vacas que non van aprobar a licenza de 1<sup>a</sup> ocupación por eses motivos.

Intervén o Sr.Alcalde manifestando que parte deste debate xa se produciu nun Pleno anterior e que mantivo unha reunión con diferentes actores; que participa da mesma opinión pública de que se debe pagar pola ocupación e que quizáis estea mais tempo ocupado dos cargos que chegan, e que na Intervención non se pode liquidar o que non hai e él non pode inventar os cargos e que quizáis o que hai é que afinar máis entre diferentes estamentos do Concello para poder chegar a reflexar que a realidade do que se ocupa é a realidade do que se liquida.

Reitera que volveu falar a raíz, do dito na Comisión, con diferentes participantes a nivel funcional e pedíulles coordinación no so neste caso senon noutros e que él aínda que está de acordo co exposto de que se debe pagar polo que se ocupa non pode inventar os papeis, que as ocupacións poden ser a instancia de parte ou de oficio, pero que o que debe primar debe

ser a ocupación real polo que se deben sempre revisar para concordar coa realidade.

Sostén que á marxe da responsabilidade que lle toca considera, como xa dixo o Secretario e tamén a Intervención na anterior Comisión, que son motivos diferentes e que non teñen nada que ver, que unha cousa é a licenza de primeira ocupación e outra a ocupación do viario, e que fai seus os argumentos esgrimidos polo Grupo Socialista, que non ten problema.

Intervén o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que manifesta que ese discurso do Sr.Alcalde é o discurso de sempre, que todo moi ben pero que xa non fala do seu Grupo pero que o Grupo Socialista leva un montón de meses falando desas ocupacións de vía pública e que o que non se pode é vir en agosto a dicir o mesmo, que sí, pero que non coinciden o que se ocupa co que se paga pola ocupación e que así non é, que están donde estaban.

Manifesta que non van votar en contra porque recollen o que dín os informes dos técnicos de que a licenza de primeira ocupación non ten nada que ver coa ocupación do viario público e que iso non vai ser problema, pero que non se pode andar escurriendo o bulto constantemente, que levan moitos meses coas ocupacións e que non falan polo seu grupo, repite, pero sí polo Grupo Socialista, que o Concelleiro Sr.López Pérez ten unha teima importante coas ocupacións e o que non se pode é cando “xa apreta tanto o zapato” vir a dicir cuidado que non se pode dar licenza de primeira ocupación, que o que hai que facer e traer solucionado xa o asunto e o que non se pode é ser moi bos, moi bos, pero non dar resultados. Indica que o que hai é que exercer controis adecuados xa que o sistema non é cobrar o que digan que é os interesados, senon liquidar e que se pague polo que se ocupa.

O Sr.Alcalde dí que asume parte ou toda a responsabilidade que lle toca, toda, porque é o Alcalde, parte porque non se considera merecedor de toda, e que tamén hai unha serie de funcionarios que é o seu traballo e ise foi o motivo da segunda reunión , para decirlles que no que se quedara de extremar a vixilancia sobre estes aspectos pouco se avanzou, pero que xa se terán que tomar outro tipo de medidas e se é necesario asume a culpa que lle toque e se é necesario toda, tamén.

Intervén de novo o Sr.Pérez Vacas, do Grupo Socialista que dí que para él está suficientemente debatido o tema pero pregunta ao Sr.Alcalde se a raíz de toda esa información que está dando, como Xefe de Persoal, abriu algún expediente informativo ou simplemente todo vai quedar en “que buenos somos todos” “vamos a mellorar a partir de agora” ou hai algún documento que acredite que eslabón do funcionariado fallou, se van a depurar responsabilidades ou como vai ser, porque ademáis, apunta, cre que representa diñeiro para o concello.

O Sr.Alcalde, en tono medio irónico, indica que como neste concello nestes momentos están con algún tipo destes expedientes, que non vaia ser que se saquen todos agora, pero que en todo caso se fai eco diso que lle acaban de dicir.

Intervén o Sr.Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI que indica que aquí o que ve é unha falta de coordinación e de control pero que o Sr.Alcalde, como sempre, a responsabilidade dí que é doutros. Dí que coincide cos seus compañeiros de Corporación punto por punto no que acaban de dicir. Tamén é certo que a empresa pagou o que lle pasaron e por ese motivo á empresa exímea de toda responsabilidade o que non exime é ao equipo de goberno dese control que tiña que ter feito xunto cos funcionarios para que exista unha recadación adecuada e reitera que exime á empresa e que o voto do seu Grupo non vai ser en contra por ese motivo.

Reitera que houbo unha negligencia e que alguén ten que ter responsabilidades porque aquí pasa unha cousa e a responsabilidade é doutros, e que o que está gobernando ten que asumir responsabilidades e non se está facendo.

Para rematar intervén o Sr.López Pérez novamente , dí que fai súas as palabras do Sr.Rodríguez Andina e quere recordarlle ao Sr.Alcalde que a primeira vez que se falou deste tema foi no Pleno ordinario do mes de maio e que acto seguido solicitou a documentación na Secretaría municipal. Dí que hai mais de tres meses e podía estar resolto, e que van votar en contra desa licenza de primeira ocupación aínda que dí, que conste en acta, que non teñen nada en contra do informe do técnico municipal.

De seguido polo Pleno municipal, acordase en relación a cada un dos expedientes a adopción dos acordos que seguen:

### **1. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR NAVILI S.L. PARA EDIFICIO CONSTRUIDO EN VIA TRANSVERSAL 40-42 PARA 80 VIVENDAS.-**

Expediente nº 2009/18 tramitado a instancia de NAVILI S.L. CIF b-61181293 interesando licenza de primeira ocupación para edificio de tres sotos, planta baixa, cinco plantas altas e baixo-cuberta para 80 vivendas , garaxes e locais libres construído en Via Transversal números 40-42 de Ribadeo ao abeiro da licenza de obras núm. 2006/143 de data 19 de xuño de 2006.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI,



xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 30 de xullo de 2009.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

A Corporación, por unanimidade, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao expediente de referencia outorgando en consecuencia licenza de 1ª ocupación para a edificación indicada.

## **2. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR CONSTRUCCIONES OS MOLINEROS S.L. PARA EDIFICIO CONSTRUIDO EN AVDA. ROSALIA DE CASTRO- CALVO SOTELO, RIBADEO.**

Expediente nº 2009/19 tramitado a instancia de CONSTRUCCIONES OS MOLINEROS S.L., CIF B27296011 interesando licenza de primeira ocupación para edificio de tres sotos, planta baixa, seis plantas altas e dúas plantas ático para 60 vivendas , garaxes e local libre (Fase III) sito en Rosalía de Castro, Avda. Leopoldo Calvo Sotelo y Bustelo, e construído ao abeiro da licenza de obras outorgada o 21 de xullo de 2004 , expediente núm. 2004/146.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 7 de agosto de 2009.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

A Corporación, por dez votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais de BNG, PP e UPRI) e tres votos en contra (dos membros do Grupo Municipal do PSOE), acorda prestar aprobación ao expediente de referencia outorgando en consecuencia licenza de 1ª ocupación para a edificación indicada.

### **3. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR JOSÉ PULPEIRO DOVAL OS GALLOPIÑOS S.L. PARA EDIFICIO CONSTRUIDO EN VIA TRANSVERSAL 36, RIBADEO.**

Expediente nº 2009/22 tramitado a instancia JOSÉ PULPEIRO DOVAL-OS GALLOPIÑOS S.L., CIF B27254093, interesando licenza de primeira ocupación para edificio de dous sotos, planta baixa, cinco plantas altas e baixo-cuberta para 51 vivendas , garaxes e locais libres construído ao abeiro da licenza de obras de data 28.03.2005 ,expediente número 2005/14.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 30 de xullo de 2009.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

A Corporación, por unanimidade, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao expediente de referencia outorgando en consecuencia licenza de 1ª ocupación para a edificación indicada.

### **4. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR LUISA MARIA GARCIA SÁNCHEZ PARA EDIFICIO REHABILITADO PARA UNHA VIVENDA UNIFAMILAIR EN TRINIDAD, 14.**

Expediente nº 2009/20 tramitado a instancia de Luisa Maria González Sánchez, DNI/NIF 45430612-T interesando licenza de primeira ocupación para edificio rehabilitado en rúa Trinidad, 14 ao abeiro da licenza municipal de obras de data 6 de outubro de 2003, expediente número 2003/162 e composto de panta baixa, alta e baixo-cuberta para unha vivenda unifamiliar.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI,

xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 7 de agosto de 2009.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros presentes, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

A Corporación, por doce votos a favor e coa abstención do Sr.Alcalde-Presidente, por razóns de parentesco coa titular do expediente, a tenor do disposto no art. 21 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, acorda prestar aprobación ao expediente de referencia outorgando en consecuencia licenza de 1ª ocupación para a edificación indicada.

#### **5. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR DON MANUEL CIDRE RODRIGUEZ MASEDA PARA REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN SAN MIGUEL, 4. RIBADEO.**

Expediente nº 2009/21 tramitado a instancia de Manuel Cidre Rodríguez Maseda, DNI/NIF 33550497-Y interesando licencia de primeira ocupación para rehabilitación de edificio de planta baixa, primeira e baixo-cuberta para unha vivenda unifamiliar en San Miguel, 4 Ribadeo, realizada ao abeiro da licenza de obras concedida o 3 de xullo de 2008, expediente núm. 2008/149.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 30 de xullo de 2009.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

A Corporación, por doce votos a favor e coa abstención do Concelleiro do Grupo Municipal Popular don José Carlos Rodríguez Andina, por razóns de parentesco co titular do expediente, a tenor do disposto no art. 21 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, acorda prestar aprobación ao expediente de referencia outorgando en consecuencia licenza de 1ª ocupación para a edificación indicada.

Antes de pasar ao seguinte punto intervén o Sr.Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI, para manifestar que hai unha solicitude de licenza de primeira ocupación que foi feita o 29 de xullo de 2009 e que hoxe se lle outorga licenza e pide que conste en acta que todas os expedientes que se soliciten no Concello teñan a mesma dilixencia e rapidez que esta que se solicitou o 29 de xullo , vinte días despois ten licenza de primeira ocupación, cando hai xente que leva esperando anos, non so para licenzas de primeira ocupación senon para licenzas de obras, que se lles dea una resposta simplemente.

#### **2009/02/50.-EXPEDIENTE DE ORZAMENTO MUNICIPAL PARA 2009 (ESTUDIO DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO MESMO).**

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas de 14 de agosto de 2009 que se transcribe literalmente:

“O Sr.Alcalde intervén para manifestar que houbo tres reclamacións presentadas, e da a palabra á Sra.Interventora que procede a explicar unha por unha as presentadas.

Hai unha primeira formulada por Dona Maria Soledad Rodríguez Diaz en representación da C.G.T, na que se fai referencia ás negociacións do Convenio de 2004, ao proxecto de RPT que foi elaborada así como ao proxecto de convenio que está en elaborución. Indica que o suxeito está lexitimado, que está dentro do prazo pero que á hora de determina-la causa pola que se reclama, a Lei de Facendas Locais é moi taxativa e cita os tres supostos legais; indica que o que parece que se quere alegar é a causa de omisión de crédito suficiente, pero no seu informe analizase que non se fai referencia a ningunha obriga legal nin por título lexitimo xa que todos os instrumentos a que se refire non foron aprobados ou están pendentes de resolución xudicial, sendo así polo que se informa pola Intervención a súa desestimación e indicando que aínda ditaminándoa favorablemente sería de aplicación imposible no presuposto porque non hai unha petición concreta.

Hay outra reclamación da Asociación de veciños A Atalaia e independentemente dos erros formais da mesma que xa poderían ser obxecto de informe desestimatorio, entrando no fondo do asunto trátase dun escrito cunha serie de consideracións xenéricas, de carácter político-social, pero que vista enteira non existe ningunha causa das establecidas legalmente para poder reclamar, informándose pola Intervención a desestimación da mesma e indicando igualmente que aínda ditaminándoa favorablemente sería de aplicación imposible no presuposto porque non hai unha petición concreta.

Por último fai referencia á unha terceira reclamación presentada pola compañía BEGASA. Que se trata dun suxeito lexitimado, presentada en prazo e neste caso sí se alega a falta de consignación de crédito en virtude de título lexitimo, pero analizado o escrito presentado a empresa incurre nun erro de interpretación, indicándose que se lle debe unha cantidade de diñeiro, pero que iso non significa que o Concello estea obrigado a consignar toda esa débeda no presuposto. Que a consignación se fai en cada presuposto e se se consignara todo o que se debe estaríase falando dunhos presupostos “estratosféricos” e igualmente estaríase duplicando a contabilidade.

Indica que ise é o erro, que aínda que se lle debe esa cantidade que xa está consignada noutros presupostos tamén, e que aínda que é unha causa lexitima a da reclamación, a mesma informase pola Intervención no senso de desestimala polo indicado e manifestando igualmente que aínda ditaminándoa favorablemente sería de aplicación imposible no presuposto porque se trataría dunha reclamación inútil e porque non se pode recoñecer dúas veces a mesma débeda.

Intervén o Concelleiro de UPRI Sr. Reymondez Gancedo que pregunta cal é o motivo polo que o documento da RPT non está a disposición dos grupos da Corporación.

O Sr. Alcalde responde que so hai un Grupo que pediu o documento, o Grupo Municipal de UPRI, e que se lle contestou que se trata dun documento de trámite, que non está pechado e que consideraron que non debería entregarse todavía.

Intervén o Sr. López Pérez, do Grupo Municipal Socialista, expresando que xa miraron as tres alegacións, que efectivamente na que presenta a Asociación Atalaia coinciden en que se trata dunhas cuestións xenéricas que pode argumentar ou considerar calquera Grupo Político ou cidadán, pero na presentada por BEGASA e pola CGT non comparten a opinión da Intervención, e cre que se debería reconsiderar. Que teñen os seus motivos e que os exporán no Pleno.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, intervén e dí que o seu Grupo tamén coincide coa opinión do Grupo Socialista. Respecto á primeira xa o dixeron nun Pleno, de forma reiterada, que ninguén lles fai caso, que se trata dunha reclamación da CGT pero non so dese Sindicato, que debe lerse ben o que están pedindo e non so entre liñas, e que eles xa dixeron que debería terse

en conta e que no seu momento se abstiveron pero que o goberno municipal vai acabar provocando que non se poidan seguir abstendo.

Respecto á reclamación de BEGASA indica que coñece presupostos que se impugnaron por débedas. Neste punto intervén a Sra. Interventora e indica que se refiren a débedas que están pendentes de aprobar, pero que non é o caso actual, xa que a débeda de BEGASA está recoñecida.

O Sr. Concelleiro de Economía e Facenda D. Vicente Castro Reigosa corrobora que en efecto a débeda de BEGASA está recoñecida e aprobada, indicando o Sr. Rodríguez Andina que sí, pero sen pagar e que a única vía que se lle deixa é que corte a luz.

A Sra. Interventora manifesta que ninguén discute a débeda, terciando o Sr. López Pérez que debe terse en conta non vai ser que se plantexe pola empresa un recurso contencioso-administrativo co que podería supór de xuros e costas, no caso de perda do proceso.

Promóvese debate entre diversos Concelleiros sobre este asunto, expoñendo o Sr. Castro Reigosa que unha cousa é reclamar unha débeda para que se lle pague e outra reclamar contra un presuposto existindo un recoñecemento extraxudicial da débeda, indicando igualmente o Sr. Alcalde que entende que a reclamación non se axusta posto que non ten nada que ver a débeda que exista coa compañía coa consignación no presuposto actual.

O Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular manifesta que o seu grupo se reserva para o Pleno e igualmente o Sr. López Pérez no nome do Grupo Municipal Socialista.

O Sr. Alcalde intervén e indica que non está de acordo co que se lle dí respecto do Sindicato que presenta a reclamación, posto que o goberno municipal segue á espera de que se presenten alegacións á RPT confeccionada pola Universidade de Santiago, xa que ten indicado que a Base era esa, que o Concello non gasta dez mil euros para tirala, e que sobre iso se pode falar, pero que él non pode andar propoñendo novas cousas posto que non as propuxo él, senon a Universidade de Santiago, e que se hai un sindicato que inicialmente propón cambios e o resto non, pensa que é inválido seguir traballando. Indica igualmente que ten que haber algún mais que propoña cousas, que incluso algún sindicato lle dixo verbalmente que ía propoñer e que está esperando, e que se lle culpe a él non o acepta.

A Comisión de Facenda e Contas, por dous votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e cinco abstencións (dos membros dos Grupos Municipais do Partido Popular, PSOE e UPRI) acorda o seguinte ditame para a adopción polo Pleno Municipal dos acordos correspondentes:

1º. A desestimación das tres alegacións formuladas ao presuposto do Concello para o exercicio de 2009, segundo os informes da Intervención municipal que se engaden como motivación deste acto.

2º. A aprobación definitiva do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2009.”

Iniciase deliberación intervindo o Sr.Rivas Alvarez, do Grupo de UPRI que manifesta que xa votaron en contra dos orzamentos municipais, que foron o único Grupo que votou en contra dos mesmos. Dí que facéndose eco das reclamacións que non fan mais que confirmar a txis do seu Grupo de que éste non é un bo presuposto.

Refírese en primeiro lugar á reclamación da Asociación de veciños da Atalaia na que fan un repaso de distintos gastos que se aplican en distintas partidas e que se podería coller a acta de aprobación dos presupostos e coincidirían cos seus argumentos daquela. Fálase de publicidade e propaganda, de que a unha empresa privada se lle contemplan partidas de mais de 46.000 euros, falase de algo que entenden e que entenden todos os veciños, que se debe de cuidar o que existe e protexer, e concretamente da Casa da Ría entre outras infraestructuras e seguen falando de mais publicidade, que é o que lle interesa ao goberno municipal, e din, na reclamación, e le textualmente, que “los que ahora gobiernan prometieron transparencia, participación ciudadana, un Ribadeo mejor y vamos cada vez peor, precisamos aceras en condiciones accesibles para todos, nos sobran obras eternas, falta que nuestras calles estén limpias, necesitamos espacios para las Asociaciones, que los geriátricos municipales tengan plazas suficientes para atender a nuestros mayores cuando lo necesiten y que éstos dispongan de servicios como ayuda a domicilio, que los edificios que se rehabiliten lo sean en verdad. Potenciar nuestros recursos turísticos y dentro de estos nuestro pasado es nuestro futuro”.

Dí que é un resumo do que ven todos os veciños de Ribadeo e que non hai mal que cen anos dure.referindose tamén ao informe da Intervención do que falará ao final do seu argumentario de como se teñen resolto noutras ocasións.

De seguido fai mención da reclamación dunha funcionaria, na que se fala dun documento , da RPT, que o seu grupo foi o único que solicitou unha copia e que o Sr.Alcalde lles contestou que non podía entregarlla porque era un documento que estaba en elaboración e non sabe como estando en elaboración xa se pasou a factura ao Concello.

Segue o Sr.Rivas Alvarez referíndose a este documento no que dí a reclamación, que a súa elaboración foi inútil xa que contempla unha redución de soldos para subir a outros postos á carta , no que insisten moito, e que o seu Grupo, UPRI, entende que se trata de pagar favores políticos.

En canto ao incremento de prazas de nova creación dí que mais do mesmo e dí que se lle impón unha RPT desde a Alcaldía. Segue falando da RPT que ao seu Grupo aínda non se lle entregou, pero xa adianta que xa a teñen, porque tamén teñen amigos noutras Institucións.

Refírese tamén a reclamación a que o primeiro feito foi polo Alcalde subirse o soldo, poñerse Secretaria particular e nomear un gabinete de prensa, mais imaxe e mais imaxe. Di que cando se procedeu a anular o acordo de 2004 , posteriormente permitiu a aplicación sen ningún motivo e consolida-los soldos que agora pretende conxelar cunha nova RPT. A maiores se gratifica, de forma periódica, a unha serie de postos como se pode comprobar a través da nómina de persoal.

Dí o Sr.Rivas Alvarez que ahí quería chegar, xa que mes tras mes veñen reparos de Intervención e agora mesmo estase utilizando como argumento para tirar abaixo estas reclamacións, sen embargo eses reparos mensuais sálvanse pos decreto da Alcaldía dicindo que siga para adiante, simplemente.

Di tamén que a RPT da Universidade de Santiago de Compostela non so a rechaza un Sindicato senon un Grupo de Sindicatos, concretamente UGT , CC.OO. CSIF e a GCT, e pregunta se para iso se pagaron os dez mil ou dezaseis mil euros que costou. Refírese logo a petición que se fai dun aumento da partida correspondente para paliar as diferencias de salarios que existen. Dí que efectivamente daquela toda a sociedade ribadense se fixo eco das desigualdades que había e que seguen sen equilibrarse e que o seu Grupo UPRI está totalmente de acordo que se deben arranxar, porque nunha empresa, para que todo funcione e vaia ben, debe existir harmonía que debe promoverse dende a Alcaldía, que é a responsable do persoal.

Continua o Sr.Rivas Alvarez expresando que a Interventora, no seu informe, fala de tres elementos fundamentais, da RPT, que é un proxecto ou anteproyecto que carece de aprobación inicial, matizando novamente que non se lles deu e que parece que se ten algo que ocultar, e que a Intervención dí que a súa inclusión levaría a un replantexamento dos orzamentos, ao que dí o Sr.Rivas Alvarez que en efecto, se hai que refacelo que se refaga e non queda mais remedio.



Finalmente refírese a outra reclamación, da empresa BEGASA, di que lles chama a atención da cantidade que se lle debe, 204.110,60 euros e di que esto dalles pe a entender mellor certos comportamentos do Goberno municipal, como é o caso da liña de Alta Tensión, a Estación de transformación, etc. Refírese ao informe da Interventora no que di de que xa están contemplados e dende logo non o entende porque os Avogados da empresa se lle dín que hai que reclamar por algo será.

Manifesta igualmente que estas reclamacións deberíanse ter contempladas nos presupostos, que se está a tempo e que o seu Grupo xa votou en contra dos orzamentos, que estas reclamacións pudíronse ter resoltas salvando o informe da Intervención como se fai coas nóminas e que o seu Grupo ante esto ten moi claro o que vai votar.

Intervén de seguido o Sr.López Pérez, do Grupo Municipal Socialista manifestando que o seu Grupo xa en Comisión participou a súa opinión respecto das tres reclamacións e di, respecto á da Atalaia, que poden compartir como comparten determinados puntos como se puxo de manifesto no debate pero que non lle ven fondo e forma, como reclamación ao presuposto, e indica que mais ben pode ser unha opinión.

Respecto á segunda da CGT o seu Grupo cre que se debe estimar e que se debe ter en conta a consignación deses 68.000 euros dos que fala a mesma, e que debe contarse cun compromiso expreso e escrito do fin a que se vai adicar esa cantidade para o que foi acordado, e toda vez que o presuposto se presenta a aprobación no mes de xullo, estase a mediados de agosto e sen visos de acadar acordos para a súa aplicación efectiva. Manifesta que o seu Grupo ten entendido que o pasado exercicio xa “volaron” os 17.000 euros que estaban consignados ao non acadarse ningún acordo e iso pode dar lugar a recursos por non aplicación ao fin para o que foi acordado. Reitera que o seu Grupo estima que se debe ter en conta esta reclamación da consignación e aplicación dos 68.000 euros que di a CGT.

Respecto á reclamación de BEGASA o seu Grupo, PSOE, cre que debería de figurar integramente a débeda que se di como crédito necesario para cumprir con estas obrigas esixibles porque do contrario, di, como xa dixeron o outro día que podería ser causa dun recurso contencioso-administrativo e que habería que pagar xuros, costas, etc.

Di tamén que ademais de ser certo o que di a Interventora debería quedar acreditado a existencia real das débedas de exercicios anteriores e por suposto a existencia de crédito adecuado para poder pagarlle a BEGASA ou noutro caso debe existir unha retirada da reclamación formulada por BEGASA,

pero é que BEGASA non retirou a reclamación, e consideran que se deben ter en conta estas dúas reclamacións, indicando que van votar a favor da súa estimación.

Intervén o Concelleiro de Economía e Facenda, Sr.Castro Reigosa, con referencia ao de BEGASA e manifesta que esta empresa presentou unha reclamación semellante ao presuposto de 2004 e que foi rexeitada en Pleno por todos os Grupos e con argumentos parecidos aos que dí a Intervención.

Toma a palabra o Sr.Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, que dí que se trata de tres temas completamente distintos. Refírese á reclamación da Atalaia, dí que o que non lle gusta nada é facerlle a pelota á xente e que coinciden en moitas cousas pero se lle debería dicir á Asociación A Atalaia que esas partidas non eran como viñan inicialmente nos presupostos xa que houbo unha serie de negociacións para que se reduciran determinadas partidas, que se reduciron, e que, polo tanto, iso non é o proxecto inicial do Goberno. Indica que todo iso é verdade e pode que en moitas coincidan, pero é que todas esas cousas eran moito mais gordas no plantexamento inicial pero que xa se reduciron no que agora se proxecta, en base a propostas dos Grupos da oposición, e dí que polo menos do seu, do Grupo Popular. Á marxe disto e de que poden coincidir en moito do que se dí, considera o seu Grupo que non hai unha reclamación como tal ao presuposto.

En segundo lugar refírese a reclamación de BEGASA e manifesta que se a explicación da Intervención é a que xurídicamente vale, él dí que oiu na Comisión o outro día que había risco de recursos contencioso-administrativo e non ve que a Intervención modificara nin un ápice o seu informe polo que non debe haber ese risco e se a Intervención o dí pois será que hai fondos e polo tanto non ve problema e se encima no 2004 se rexeitou unha reclamación parecida pois non hai mais.

Tocante á reclamación da CGT manifesta que o seu Grupo xa ten avisado, por activa e por pasiva, e que están no mesmo que no anterior asunto do Pleno que manifestaba o PSOE (referíndose ao dunhas ocupacións do viario público) e que seguro que agora o Sr.Alcalde lles vai dar outro discurso indicando que está esperando a que alguén lle diga algo pero que están como antes, pero iso non vale. Dí que o problema é que o Sr.Alcalde ten que tomar a iniciativa e que lle guste ou non ten que ter en conta que ten aos Sindicatos fronte a ese proxecto de RPT e polo tanto algo terá que facer, pero non encasquillarse en que todo ten que pasar por ela, porque lle vai ir mal, non lle van asinar e non van chegar a acordos.

Continúa indicando que de xeito reiterado se dixo e respecto ao que pon o punto 4º da reclamación manifesta que houbo un momento donde houbo un tratamento discriminatorio para según que funcionarios e supón que por esa razón , naquel momento, o Grupo do Sr.Alcalde acabou votando en contra do Convenio e o que non pode ser é que 4 ou 5 anos despois non se fixera nada para corrixir iso.

Di que o ano pasado en setembro o Grupo Popular pediu un fondo de 20.000 euros para reequilibrar aos que estaban mal tratados naquel acordo, que despois dixeron 17.000 e que eses 17.000 euros “pasaron ao moro” porque como non se negociou nada e non se chegou a ningún acordo por están agora donde están. Agora, dí, poñen 68.000 euros, pero dí o mesmo que están no ar, pero se non se usan porque non hai acordos pois están igual e vanse encontrar a 1 de xaneiro de 2010 que non se gastaron e claro dí, ironicamente que se non se gastan eses 68.000 nin tampouco se mete a obra de saneamento de Rinlo que son 60.000 xa teñen os 130.000 euros de superávit que dixo o outro día o Concelleiro de Facenda, pero claro esa non é a maneira de lograr os superávits.

Por último dille ao Sr.Alcalde que non se peche en banda de que todo ten que ir en base a alegacións á RPT, porque non vai sacar nada en limpo por ahí, dille que negocie a recolocación económica daqueles que foron tratados inxustamente no 2004 á marxe da RPT e logo se quere incorpórea á mesma ou faga coa RPT o que queira, pero dí, a RPT non existe oficialmente e así acaba de decir o portavoz da UPRI que non se lle entregou porque é un instrumento de traballo e polo tanto non existe e non pode ser o referente polo que o Sr.Alcalde queira resolve-lo asunto, porque é inexistente a efectos legais.

Manifesta que debe facer caso: falar, negociar, amañar isto, comprometer eses 68.000 euros como xa se tiña que haber comprometido os 17.000 do ano anterior porque xa non sabe que mais decir, e que é un aburrimento e debe levar 5 ou 6 plenos dicindo o mesmo.

O Sr.Alcalde dalle a palabra á Sra. Interventora que manifesta que lle gustaría simplemente aclarar dúas cousas: respecto ao que dicía o Grupo UPRI indicarlle que os informes ás reclamacións non son de reparo e logo non teñen porque ser levantados e por outra banda o feito de que a Alcaldía poida levantar un reparo de Intervención ven dado por unha competencia establecida na Lei de Facendas Locais que, en determinados casos, correspondenlle ao Pleno e en determinados casos á Alcaldía e neste caso se está a falar de reclamacións aos orzamentos que lle corresponden ao Pleno e logo calquera informe en contra é cuestión do Pleno.

Respecto á reclamación de BEGASA indica que na contabilidade pública existen dúas fases fundamentais, que son o recoñecemento da débeda e o pago. O que BEGASA está reclamando é o pago, é dicir, as facturas están aprobadas non sabe se no ano 2004, 2005, 2006, 2007 ou incluso no 2008 e dí que están aprobadas, pero que se deben, indicando que respecto aos fondos para o pago a Tesourería non está ben de fondos e que existe un pago ao día dos servizos domiciliados e que esta débeda corresponde a unha acumulación de servizos que non están domiciliados.

Continúa dicindo que cando a empresa reclama a consignación dun crédito adecuado e suficiente, somentes se pode falar dunha consignación nese senso para o ano 2009, pero o que non pode nunca unha Corporación é no orzamento dun ano ano meter facturas de anos anteriores, agás que estivesen sen aprobar, nese caso, por suposto; pero no caso que se reclama esa empresa ten as súas facturas aprobadas, que comprobou e non exactamente a cantidade pero o que sí dí é que non existe ningunha factura pendente de aprobación e que a débeda foi aprobada no seu momento e está ahí pendente de pago, e pregunta á Corporación se quedou claro ou non se explicou, asentíndose polos membros da mesma que queda claro.

Dirixíndose ao Sr.López Pérez, do Grupo Socialista, respecto á consignación dos 68.000 euros a que se refire a reclamación da CGT dí que xa están consignados, manifestándose polo Sr.López Pérez que xa sabe que están consignados pero que él se refire a un compromiso escrito e expreso de que se van adicar a iso pero que non se negociou, que chegará o un de xaneiro, non haberá acordo e “voarán” os 68.000 euros como “voaron” os 17.000 do ano pasado.

Intervén o Sr.Alcalde que dí que todos os Grupos se están centrando nunha das reclamacións, que respecto á de BEGASA non lle cabe ningunha dúbida e non vai entrar, mellor ditio non lle cabe ningunha dúbida sobre as tres, pero que hai unha que é na que coinciden todos os Grupos que é a do diñeiro que está consignado pero que non está repartido e dí que o procedemento non cre que sexa para repartir polo Alcalde que o procedemento o marca unha RPT.

Indica que no ano 2004 se fixo unha RPT que foi moi polémica porque se fixo dende dentro e que para intentar salvar aquilo, con criterio impecable e con criterio de varios dos Sindicatos acuidu a un Organismo externo, á Universidade de Santiago de Compostela para que fixera unha proposta obxectiva e que case todos os Sindicatos agás un rexeitaron, que se lle está dicindo que ten que tomar iniciativa e que o asume e que quizais non o fai ben de todo, pero tamén dubida que os teña que ir chamar á casa aos Sindicatos que non cré que deba facelo.

Manifesta tamén que unha negociación é de dúas partes e as dúas deben de ceder porque se unha parte é moi arrogante e outra ten que se entreguista, neste caso se pon o Alcalde como goberno, pois non cré que deba de facelo e tamén se refire á harmonía que se lle pide que dí que sí que debe haber pero tamén compromiso, adicación, eficacia e eficiencia.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que él asume a parte que lle toca pero que cada un debe asumir a súa e que non se pecha en banda, supón que a RPT como calquera outra cuestión pode estar suxeita a cambios, que igual se fixo sen pisar o terreo. Parécelle que a vía das alegacións é a mais razoable, facendo un símil coas alegacións que se formulan ao Plan Xeral e que éste non se tira sen mais, pero senon tamén se poderá buscar outro método e se queren que se comprometa, comprométese, non hai problema, pero teñen que querer as dúas partes, e que por encima de todo as persoas que forman o goberno teñen vontade de chegar a un acordo, pero por encima de todo teñen unha dignidade e que o goberno negocia e cede pero non se rinde e que o dí a todos os efectos, con total frialdade e coa man tendida e con total honestidade; quizáis deba chamar a todos os Sindicatos e que lle falen claro, que lle digan o que opinan ou tamén pode facer doutra maneira, chamar á USC que veña aquí e que os Sindicatos lle digan claro o que queren, directamente, e que é unha proposta que lanza aquí, que non ten ningún interese en demorar isto e que a factura da USC está aprobada pero non pagada, que son dez mil euros e non dezaseis como dixo o Sr. Rivas Alvarez.

Reitera que non ten interese en demorar isto, canto antes veña a Pleno para aprobalo mellor e espera a responsabilidade de todos. Insiste en que cando se negocia son dúas partes.

Intervén para facer unha puntualización o Concelleiro de Economía e Facenda Sr. Castro Reigosa indicando que respecto á factura da USC pola confección da RPT están aprobados 6.000 euros e quedan 4.000 por aprobar; está aprobada a parte executada.

O Sr. Rivas Alvarez, de UPRI, toma a palabra para empezar por esto último indicando que se está aprobada a parte executada e se lle deu un documento aos Sindicatos e se considera un documento de traballo non entende porque se non é un documento definitivo porque xa está aprobada unha parte, se é tan eficiente a elaboración feita pola USC desde os despachos, sen asistir, como acaba de escoitar do propio Sr. Alcalde, a pisar o terreo, pois case era mellor que entre os Sindicatos e o equipo de Goberno a sacaran adiante e houbesen aforrado trámites e desde logo houberan aforrado dez mil euros que tal como están as arcas do Concello non viñan nada mal dende logo.

Dí que son tan responsables como o resto de Grupos da Corporación, o que dí o Sr. Alcalde de que hai dialogar están de acordo pero dous non dialogan se un non quere, e dende o seu Grupo, desde logo, sempre estan dispostos a colaborar, sempre que se lles chame.

Quedoulle claro o de BEGASA e agradece á Sra. Interventora a súa explicación e segue mantendo que tanto a reclamación da Atalaia como a da CGT non fan mais que corroborar a postura do seu Grupo diante dos presupostos que se aprobaron non fai moito tempo e reitera que teñen moi claro o que van votar.

Intervén o Sr.Alcalde para expresar que por parte de UPRI se lle acusou de non facilitar a copia da RPT, manifestando que efectivamente non a entregou porque consideraron que é un documento que está en elaboración, que non está pechado, pero dí que non o fixo precisamente por responsabilidade e con ánimo de chegar a un acordo, porque determinados membros da Corporación, e vaise incluír él mesmo, teñen a mala costume de filtrar información e iso acaba sendo pasto dos medios de comunicación que acaban enrarecendo o ambiente e como o seu Grupo ten boa vontade de chegar a un acordo por iso non a deu, e so a entregou aos Sindicatos, porque son parte activa nesta fase. Logo cando chegue ao Pleno xa será de coñecemento de todos .

O Sr.Rivas Alvarez manifesta que dende logo ten tanta responsabilidade como pode ter o Sr.Alcalde pero que sempre que se lle pediu gardar un secreto o gardou e outra cousa e que se lle acuse doutras cuestións pero que con él non contén, que con él e co seu Grupo poden contar para traballar e para colaborar sempre que sexa polo ben do Concello e dos traballadores do Concello.

Intervén de novo o Sr.López Pérez do PSG-PSOE, que agradece á Sra.Interventora a súa explicación, dí sobre a reclamación de BEGASA que entende que non hai os cartos para pagarlle a BEGASA, que a compañía tamén o sabe e por iso presenta a reclamación.

Refírese tamén o Sr.López Pérez ás manifestacións do Sr.Castro Reigosa respecto do que dixo da reclamación formulada por BEGASA no ano 2004 pero dí que non é o mesmo, que é parecido, que ten diante o Pleno de maio de 2004 e que non fala de memoria, que se trata dunha reclamación pola débeda histórica , que se refire a unha débeda de AQUAGEST e que é unha cuestión parecida pero non a mesma, debatíndose entre o Sr.López Pérze e o Sr.Castro Reigosa sobre a reclamación citada do ano 2004.

Respecto a outra alegación indica que non se está nun debate sobre a RPT que chegará cando teña que chegar, que o que se está debatindo é sobre unha reclamación de 68.000 euros que poden volar se non se chega a un acordo entre a empresa e os Sindicatos e iso é o que defende o seu grupo para que se tome acordo e non desaparezan eses 68.000 euros e mantéñense na súa postura e que en canto á reclamación de BEGASA tampouco teñen grande interese e poden absterse pero respecto á reclamación da CGT non.

O Sr. Rodríguez Andina, toma de novo a palabra e refírese novamente a RPT do ano 2004 indicando que non é certo que se fixera unha RPT senon que se desguazou unha RPT que viña aprobada por unanimidade por todos os sindicatos e que ademais levaba unha filosofía de aproximación a outras entidades políticas, neste caso a Deputación Provincial, e que no 2004 se desguazou, que calquera parecido entre o que había antes do 2004 e despois é pura coincidencia e indica que o seu Grupo non é responsable diso.

Indica que o Grupo Municipal Popular non lle pide ao Sr. Alcalde nin “trágalas” nin que se arrodeie ante nada diso, pídenlle acordo, que cre que ven todos, e o equipo de goberno tamén, e xa o vían polo menos cando rexeitaron aquel convenio (referíndose ao de 2004) e logo se o vía antes seguirán vendoo agora, e polo tanto todos os Grupos desta Corporación ven que hai unhas agravios comparativos e que os outros Grupos o están tamén dicindo de forma moi clara hoxe e o seu Grupo leva dicindo anos. Indica que segundo parece, e senon que se lle corrixa, que o que se pide é un compromiso firmado de que conforme eso se vai levar adiante, que o seu Grupo sempre está disposto para aportar solucións e que o fácil sería votar a favor da reclamación que poden conseguir 9 votos e o equipo de goberno son 4 co que iría a alegación adiante e haber que pasa co Presuposto e “aquí paz e despois gloria”.

Cre que neste momento non vai saír o Sr. Alcalde á Secretaría para asinar un documento no senso de comprometerse a ter en dous meses o acordo listo e dí que ao seu Grupo chégalle con que o Sr. Alcalde, en sede plenaria, como se está agora, e constando en acta literalmente de que sen pasarse de 31 de decembro de 2009, se vai chegar a un acordo á marxe da RPT, porque insisten en que RPT é inexistente, non como RPT senon como alegacións, e á marxe se despois de facer ese acordo todas as partes acordan pasalo á RPT que se eleve, pero que non se vincule á RPT.

Continúa o Sr. Rodríguez Andina dicindo que se iso é así o seu Grupo diríalle adiante aos presupostos, indicando que se volve correr un risco pero que tamén anuncian algo: que si eso é así hoxe, aquí, en sesión plenaria e como consecuencia o seu Grupo (O Grupo Popular) adopta unha postura determinada e a día 1º de xaneiro de 2010 ese acordo non está tomado anuncia agora e que conste en acta e o dí públicamente que o Grupo Municipal do Partido Popular non vai nin a analizar ningún tipo de presuposto municipal que poida presentar o BNG no ano 2010, é dicir que o compromiso ten que ser claro, taxante e direto. A 31 de decembro de 2009 ten que estar tomado o acordo senon co seu Grupo non van facer nin propostas por moi bo que sexa o presuposto, nin se vai discutir, se non se cumpre e dí que esa é a proposta do Grupo Municipal Popular.

O Sr.Pérez Vacas, do Grupo Municipal Popular manifesta que quixera facer unha intervención, porque o que está falando o concelleiro do Grupo Municipal Popular Sr.Rodríguez Andina parécelle moi loable pero quere evacuar consultas co Secretario xa que ese punto que se está plantexando agora non ven na Orde do día. Dí que a Orde do día é Orzamento municipal para 2009 , estudio das reclamacións presentadas e aprobación definitiva ou non do mesmo.

Entón, baixo o seu punto de vista e do Partido Socialista dí que ao non vir na Orde do día e facer unha proposta nova que non sexan as reclamacións feitas neste pleno e determinados acordos que ahí se traen, pois que non procede e haberá que tomar en conta as alegacións presentadas e seguir o procedemento, ou a lo menos iso é o que entende o Concelleiro no uso da palabra, e interesa o asesoramento do Sr.Secretario.

O Secretario accidental, logo de autorizar o Sr.Alcalde a súa intervención, procede a explicar que entende que a cuestión que plantexou o Sr.Rodríguez Andina é unha cuestión política e que como forma parte dunha reclamación que se está plantexando ao presuposto se se quere adoptar esa postura cre que non tería porque haber inconveniente; a facultade de presentar a proposta de aprobación dos presupostos é totalmente da Alcaldía e se o Alcalde está de acordo en adquirir ese compromiso aquí, tal como acaba de plantexar o Sr.Rodríguez Andina, como resolución deste “impass” para sair do paso desta reclamación, entende que non hai inconveniente algún desde o seu punto de vista e informando sobre a marcha sen examinar mais a fondo a lexislación.

O Sr.Pérez Vacas, pregunta que opina a Intervención, contestando a Sra. Interventora que se o Alcalde quere adoptar ese compromiso o que sí é certo é que debe incluírse como dentro do estudio da reclamación, non é unha votación independente.

O Sr.Pérez Vacas dí que descoñecían esa proposta porque tampouco foi á Comisión.

Intervén de novo o Sr.Secretario accidental por unha cuestión de matiz para lle aclarar ao indicado polo Sr.Pérez Vacas. Manifesta que os 68.000 euros están consignados segundo parece no presuposto, e polo tanto figuran no presuposto que se está traendo a debate, polo que sería un matiz respecto á reclamación que se está tratando, tal e como acaba de dicir tamén a Interventora.

O Sr.Rodríguez Andina, como propoñente, indica que o que está dicindo non é que o seu Grupo redacte nada, senon que o que dí é que hai un problema, que a clave do problema está en que quen presenta a alegación non se fía de que iso se vaia a resolver e por iso presenta a alegación e entón o seu Grupo dí:



Sr.Alcalde, vamos a aplicar un pouco o sentido común, e pregúntase ¿Cómo pode o Sr.Alcalde resolver este asunto dado que non vai facer agora un documento? pois o Grupo Popular propón, para que o diga o Sr.Alcalde, non como proposta do Grupo Popular , comprométase o Sr.Alcalde de que iso ao 31 de decembro está aprobado , e engade por parte do Grupo Popular que si eso non é así o seu Grupo desenténdese do de 2010, pero reitera que non é unha proposta do Grupo Popular.

A Sra. Interventora toma a palabra e manifesta que entende que se está a falar dun voto condicionado que non se está sometendo a debate, senon que un Grupo decide condicionar o seu voto a esa circunstancia e preguntase para aclarar se o que ven a debate é a desestimación, porque así é a proposta da Alcaldía e que en ningún caso se estima porque iso non é o que se está propoñendo.

O Secretario accidental puntualiza que o que creu entender é que o proposto polo Sr.Rodríguez Andina é para que saia como proposta do Sr.Alcalde, se non entendeu mal. É decir, que o Sr.Alcalde como resposta a esa reclamación ou condicionado á mesma, adquire o compromiso de que se vai a tomar ese acordo antes do 31 de decembro de 2009, por que en realidade a facultade de proposta de presupostos é do Alcalde e senon non cabería outra solución que votar e se non se aprobase o ditame quedarían rexeitados os orzamentos presentados.

Prodúcese un pequeno dabate sobre o asunto intervindo o Sr.Rodríguez Andina para indicar que non cre que sexa tan difícil o que se está dicindo e que debe desatascarse este asunto.

Intervén novamente o Sr.Alcalde que manifesta que cre que aquí como en todos estes acordos hai unha parte expositiva e unha parte dispositiva, que a parte que ven hoxe a Pleno é a desestimación desas reclamacións, que o cariz político que poida tomar o debate, que os diferentes Grupos poden manifestarlle a súa intención de voto no senso que sexa condicionado a que o Sr.Alcalde tome unha determinada actitude antes de que acabe o ano e cre que é así.

Refírese igualmente a que todo o mundo dí que conste en acta e que en acta está constando todo porque se está grabando.

Dí o Sr. Alcalde que, como son cousas que se saen do debate e non teñen a precisión que ás veces se require para que cheguen a bo porto, él pode ter unha maldade e dicir que non sabe que xente está descontenta, e fórmulase unha pregunta sobre cantos son 10, 21, 17 ou 13 e por canto e por que importe 68.000 ou 45.000 ou igual lle fan falta 71.000, e ten que divilo en dous anos, e que todo debe ser obxecto dunha negociación.

Refírese a que parte dos sindicatos desconfían, pero o que él non pode prometer son imposibles para non enganar a ninguén e entón poderían dicirlle que agora ofrece todo con tal de que os presupostos saian para adiante e indica que se pode comprometer e que se compromete a facer todos os esforzos para que antes de 31.12.2009 se teña unha Relación de Postos de Traballo aprobada, se pode ser por consenso e senon por maioría.

Entende o traballo que fan os profesionais sobre a RPT, que a Corporación non debe facer cousas á marxe porque cre que é moi perigoso para todos; agora ben se o que se dí é que non se queren facer alegacións pois non se fan alegacións, modifícase o sistema e dí que convoca, se pode ser neste mes, á USC para que veña aquí e manteña un contacto con todos os sindicatos e pregúntase se iso vale. O que cre que non debe facer é cousas á marxe porque ademais logo a Corporación terá que adoptar un acordo plenario e dí que na alegación que se trata está todo bastante ambiguo e que non sabe se son 17 persoas, 12 ou 4 ou 5 ou 7 ou 8 e non sabe se todo o que piden teñen razón ou non, porque igual teñen razón nunha parte, non sabe, pero non o discute.

Aclara igualmente que a cifra que se manexa é unha cifra aproximativa, que pode ser menos ou mais e que iso é perigoso e que sabe a forza (política) que teñen e que non quere meter á Corporación nun “calexón” parecido ao do 2004 e que pretende facer todo o posible para non volver a caer naquilo e pon o exemplo de que non deu a copia da RPT porque non creu oportuno dala.

Toma a palabra o Sr. Rivas Alvarez de UPRI e manifesta que o seu Grupo xa dixo o que pensaban do presuposto cando foi a aprobación inicial e que agora aquí o que hai é unha Orde do día que está moi clara e que non sabe se o que se pretende é unha enmenda ou un voto particular ou un voto condicionado que quizáis foi o que entendeu pero desde logo o seu Grupo non se fía do Alcalde porque xa ten dado mostras da súa forma de actuar. Dí que desconfían ata os Sindicatos e que convocar á Universidade de Santiago de Compostela agora no mes de agosto, dí que dubida que no mes de agosto a USC traballe pero que alá a Alcaldía, pero insiste en que o seu Grupo non se fía para nada do que saia de ahí.

Intervén o Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal do PSOE, e manifesta que cre que o que se debe facer é realizar a votación coas propostas sobre as reclamacións formuladas ao presuposto e se se aceptan ou non se aceptan e nada mais.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular volta intervir e indica que “á marxe de” non significa “a escuras”, nin “as agochadas”, significa non ter en consideración algo que non hai por que ter e que non se teña en consideración un documento que non existe (referíndose á RPT), que poderá ser un documento de traballo pero non un documento que teña que regular por donde vai a ir o asunto porque é inexistente e insiste en que non é dentro da RPT e dí que convocar á USC para que veña a reunirse aquí cos sindicatos é “un brindis ao sol” e insiste en que non piden que o Sr. Alcalde acepte o que lle digan os Sindicatos, que non se tergiverse o que dí o Grupo Municipal Popular, so dín que se negocie e que haberá cousas nas que os Sindicatos teñan razón e outras que non e outras que serán discutibles pero o seu Grupo (O PP) non di que traigan un papel para que asine o Sr. Alcalde e insiste novamente en que o que pide o Grupo Popular é que se negocie.

Intervén o Sr. Alcalde para decir que con esa última parte, a da negociación, que está de acordo, que a subscriben toda, vocación, vontade e celeridade e gañas de chegar a un acordo xusto non sabe se aceptando de cinco puntos, dous ou tres e manifesta que pode decir que o intentarán pero non lle poden pedir imposibles e reitera que o que non pode é decir que chegan a un acordo, que él si quere chegar a un acordo seguro pero queren falar pero que hai que saber se tamén se ten que facer algo mais, que tamén é lexítimo que o digan. Reitera que por parte do equipo de goberno toda a vontade de chegar a acordos pero que non sexa un “trágala”, di que se algunhos grupos non cren na súa palabra realmente lle trae sen cuidado.

O Sr. Alcalde dí que se compromete antes de que remate o ano debe de facer ou ten que facer todos os esforzos, interrúmpidose por varios Concelleiros, e indicándolle, ao Sr. Alcalde, que iso se supón, continuando o Sr. Alcalde preguntando que ¿cómo se pode conseguir, logo?, e manifestándose polo Sr. Rodríguez Andina que habendo iniciado isto en setembro de 2008 como lle pediu o Partido Popular.

Prodúcese un debate sobre as datas e os acordos que deben acadarse indicando o Sr. Alcalde que tamén pode ser unha cerrazón dos Sindicatos que non queren facer alegacións (á RPT) e razonándose polo Sr. Alcalde que se pode cambiar logo de sistema pero que non quere que sexa un “trágala”, para os diferentes Grupos tampouco

O Sr. Pérez Vacas dí que o que se garantiza, polos Grupos, é o apoio a unha proposta concreta do Sr. Alcalde pero que non existe e reitera que o que se debe debatir é o que ven na Orde do día, porque entende que o Sr. Alcalde non pode adquirir ese compromiso e entón hai que pasar a votar o que dí a Orde do día e non hai mais, baixo o seu punto de vista.

Dí tamén, por certo, que no ano 2004 sí houbo acordo de todos os sindicatos , de todos, na Mesa de negociación coa Patronal, houbo a disensión do Grupo do BNG que, como manifestan nese mesmo Pleno, ían redactar un convenio mais xusto.

O Sr. Castro Reigosa, do BNG intervén para manifestar que quere facer unha pequena puntualización, que quere aclarar cal é a proposta que ven a Pleno e que a proposta é a de rexeitar as alegacións e que se vai votar se se rexeitan ou non , debatíndose sobre este asunto entre diferentes Concelleiros e a Interventora municipal.

O Sr.Alcalde non ten intención de dar un discurso pero en todo caso o que quere dicir, que xa o dixo hai un mes que se non se aproba o presuposto e se volve a un presuposto prorrogado o que ocorre e que se van ao tacho unhas inversións do presuposto deste ano.

O Sr.Rodríguez Andina dí que iso xa o dixo hai un mes e daquela a hoxe non se avanzou nada.

O Sr.Alcalde dí que se está a un “trís” de chegar a un acordo ou non chegar e volta a insistir en que él quere chegar a un acordo pero quere que ese acordo non sexa un “trágala” por respecto aos veciños de Ribadeo, por respecto aos cen traballadores do Concello e pregunta como se fai iso. O Sr.Rodríguez Andina manifesta que él xa dixo como e que non se move nin un ápice e que xa o dixo e que costara literal.

O Secretario accidental da lectura ás notas recollidas, que non é literal porque non lle deu tempo, pero que en todo caso está grabado, e o acordo sería dun compromiso, adquirido en sede plenaria, de que sin pasarse do 31 de decembro de 2009 se vai a chegar a un acordo sobre os 68.000 euros, e si eso é así están de acordo e se ao 1 de xaneiro, de 2010 se entende, non está tomado, o Grupo do Partido Popular non vai a analizar ningún outro presuposto nin volver a facer nada de nada con respecto a outro presuposto.

O Sr.Rodríguez Andina, indica que o acordo sería o seguinte: “ Compromiso da Alcaldía, e que conste en acta, de que ao longo do 2009 se fará o reparto dos 68.000 euros, acordo á marxe da RPT , non como alegacións á RPT e logo no seu caso incorpórense esas modificacións se así se acorda á RPT”, e dí que iso é o que él dixo, e dixo tamén que piden compromiso firmado e como ven as dificultades para facer agora un documento firmado pois, para desatascar, vale o compromiso adquirido en Pleno e que nese caso o seu Grupo non bloquearía o presuposto e se para o 1 de xaneiro de 2010 isto non se arranxou o seu Grupo para 2010 nin verá o presuposto.

Intervén o Sr.Alcalde novamente e manifesta que considera moi importante este asunto e que se vai facer un receso de 5 minutos.

Sendo as 21 h. e 30 m. suspéndese a sesión momentáneamente para adoptar posturas polos diferentes Grupos regresándose ao salón de sesións sendo as 21 h. e 38 minutos, para reanudar a sesión.

O Sr.Alcalde toma de novo a palabra e dí que se reanuda a sesión e manifesta que ao seu Grupo o que se lle critica ou o que se lle cuestiona é que non se fían de que realmente teñan intención de chegar a un acordo e cre que dándolle unha volta mais o que queren é expresarlle á Corporación que xa que existen 68.000 euros consignados e xa que teñen acordo de destinalos a ese fin e dado que non teñen maioría na Corporación e dado que despois o que se acorde ten que ir a Pleno para ser ratificado, non queren ser eles sos (polo Grupo do BNG) os que designen quen son os traballadores prexudicados polo que propoñen que todos os Grupos a través dos seus portavoces ou a través da Comisión Informativa que se designe, como mostra de participación dos demais , entre todos designen quen son os traballadores prexudicados que deben de recibir todo ou parte desa bolsa de 68.000 euros antes de que remate o ano e teñen o compromiso do goberno de poñerse a traballar o primeiro día que se indique.

Intervén o Sr.Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular, indica que seguen “enrocados” e que así non hai maneira, que o Sr.Alcalde e o seu Grupo son o goberno e son os responsables de negociar cos Sindicatos e dos resultados, que no pleno anterior botoulles encima a responsabilidade de aprobarse os presupostos ou non, e agora quere botarlles encima a responsabilidade de negociar cos Sindicatos os temas de persoal aos Grupos da oposición, e dí que non; que o Grupo do PP xa dixo o que tiña que decir e punto.

O Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI intervén e dí que o que ten que facer o Sr.Alcalde é o seu traballo e que están donde están pola falta de traballo do Sr.Alcalde e quere agora, como dixo o portavoz do Grupo Municipal Popular, botarlles ás espaldas como fixo na aprobación dos presupostos e por iso non van entrar e non ten mais que decir.

O Sr.Castro Reigosa, Concelleiro de Economía e Facenda, do Grupo do BNG dílle ao Sr.Rivas que rápido cambia de opinión, que hai un momento estaba tendendo a man e agora que se lle ofrece a oportunidade de participar e colaborar que rápido escurre , entablándose un pequeno debate sobre este tema, reiterando o Sr.Rivas Alvarez que a responsabilidade do persoal é da Alcaldía que é quen ten que asumir, insistindo o Sr.Castro Reigosa no que dixo respecto do ofrecemento para colaborar e replicandolle o Sr.Rivas Alvarez

que o segue dicindo que está disposto, sempre dentro das súas responsabilidades.

O Sr.Pérez Vacas, refírese a que nas situacións difíciles todo o mundo quere salir, que incluso na tormenta se reza para que non saia o que non se quere , pero polo que esta oíndo e polo que dixo o Sr.Castro Reigosa o que se está propoñendo é un goberno de concentración e pregunta se é so para salvar este tema ou vai ser de aquí para diante que os 13 membros da Corporación van participar en todo e todos van ser co partícipes de todas as decisións que se tomen no Concello. Pregunta se a partir deste momento se vai negociar todo incluso as gardas dos funcionarios ou é que hai que sair deste paso por si se aproba ou non se aproba o presuposto ou se se perden ou non se perden as subvencions, etc.nun tema que se leva manoseando dende hai meses, e repite e así cre que vai constar en acta que o que se ten que debater é o que dí a Orde do día.

O Sr.Alcalde intervén de novo e pregunta porqué lle teñen medo a esto e se non é que todos aqueles asuntos importantes non os están tratando entre todos e di que este non sabe se é un asunto importante ou espiñento ou as dúas cousas, pero que para que se vexa que non é a mala fe do Alcalde e que se vexa que hai vontade pois propón o que dixo porque igual se acorda algo que para él é un “trágala” e os Grupos da oposición lle dín que non, e di que en todo caso despois o Pleno ten a palabra.

Interven novamente o Sr.Rodríguez Andina e sinala que o vai dicir dende un grupo que lle poden dicir calquera cousa, pero que todos os días lles chaman colaboracionistas co goberno municipal, e o que ve é que lles están ofrecendo participar e colaborar nun tema que é a responsabilidade do Sr.Alcalde e do equipo de goberno, pero porque ten un problema e di que tivo que facer un receso no último minuto dun Pleno despois de varios Plenos falando do mesmo para chegar á conclusión de que a mellor solución era que participaran todos; e que levan anos con este tema e que se lle ocorreu hoxe, “encendéndose a bombilla”, e que non lle vale, que agora ten que asumir a súa responsabilidade.

Continúa manifestando que algunhos colaboraron con toda a boa vontade dende setembro de 2008 e o Sr.Alcalde dixo que se ía resolver, que deixaron pasar os presupostos en primeira volta tendo en conta a boa intención pero en ningún deses casos se lle ocorreu, ao Sr.Alcalde, que participaran todos e agora a situación é tan comprometida que todos para adentro.

Conclúe dicindo que non, e que dende logo o seu Grupo non ten medo a colaborar, e que lle parece un plantexamento moi demagóxico, dirixíndose ao Sr.Castro Reigosa, eso de que agora que se lles ofrece colaborar rexeitan, Non, dí. Non é así. Ofrecen a colaboración porque están apretados, porque senon tirarían polos presupostos para adiante.

Reitera, para rematar, que o seu Grupo, con toda a seriedade, e agradece ao Sr.Secretario accidental que o entendera á primeira porque algún nin a terceira acabou entendendo, dí que fixo unha proposta que ademais vai aclarar xa que hai tanta desconfianza, aínda que o seu grupo non ten tanta, esa proposta que fixeron ao 31 de decembro de 2009 ninguén poderá dicir que é que non se chegou a acordos porque o tema non estaba na orde do día, etc. Porque non caben “triquiñuelas” legais para non cumprilo compromiso, nin a primeira, porque senon, como se non se houbera cumprido. Son o único grupo que fixo unha proposta, está encima da mesa, e non lle pidan mais.

Intevén o Sr. Cupeiro Rodríguez, Concelleiro do Grupo do BNG, para manifestar que pensa que efectivamente é algo importante para lograr aprobar os presupostos, que o seu Grupo pode aceptar o reparto de 68.000 euros entre unha serie de funcionarios ou traballadores, laborais fixos ou como sexa, e que entende que o que está dicindo o Sr.Rodríguez Andina é que o Grupo do equipo de goberno asuma ese compromiso e cre que sí se asume.

Eses 68.000 euros queren repartilos entre os funcionarios ou as persoas que foron afectadas, agora ben, o equipo de goberno non fai nada por escurrir o bulto, o que non queren é crear ningunha inxustiza e dí que canta mais xente participe e colabore en calquera presuposto, entende que así debe de ser e así corren o risco de cometer menos erros, pero tamén dí que unha vez dito isto aceptan o reto de que eses 68.000 euros van repartirse, pero tamen se lles está dicindo que van ser eles (o Grupo do BNG) quen vai decidir as persoas afectadas, e que se alegra moito porque entón teñen a sensación de que se fían do equipo de goberno e se non se fixera antes do 31 de decembro calquera podería facer o que quixera. Que aceptan iso se dende o punto de vista de Intervencion non existe problema e cre que nada mais hai que falar.

Asumen o reto de repartir eses 68.000 euros da mellor maneira, da forma mais equitativa e cre que está todo falado. Cre que o Alcalde é o que ten que asumir o que está dicindo se o estima oportuno e nada mais.

O Sr.Alcalde intervén e manifesta que fai súas as palabras pronunciadas polo Concelleiro Sr.Cupeiro Rodríguez.

O Sr.Rodríguez Andina pregunta se iso quere dicir que o Sr.Alcalde vai facer a proposta ante o Pleno, literal, que xa ten escrita o Secretario, porque como aquí parece que ninguén se fía de nada, quere que quede claro que é o que se acepta e que é o que se vai poñer enriba da mesa, quere que quede moi claro, remata dicindo, para que logo non haxa malos entendidos porque “goles”, ningún a 31 de decembro.

Volta intervir o Sr.Alcalde para indicar que a responsabilidade é a de sacar os presupostos adiante polo ben de Ribadeo e que noutra situación, e xa sabe que din que acuden a eles porque non teñen maioría e que é así, porque cando gobernaban eles (referíndose ao Partido Popular) era igual o que puideran dicir eles (polo BNG) e ás veces nin plantexaban nada porque xa sabía que había “rodillo” e en moitas ocasións se abstiñan pero as circunstancias cambiaron e agora moitas veces se chegan a acordos que con maioría absoluta ás veces non e que non se pode dubidar da súa vontade, que ofreceron participación e que lle parece moi bo o argumento do Concelleiro Sr.Cupeiro Rodriguez, de que xa que non queren participar será porque se fían; que en todo caso iso vai ir a Pleno e se logo non vale pois xa se verá , pero que en todo caso será outro Pleno, outro momento , será outra situación e outra discusión.

O Sr.Pérez Vacas dí que o que quere o seu Grupo é oír a proposta da Alcaldía, contestando o Sr.Alcalde que a proposta é que antes de que remate o ano 2009 chegar a un acordo expreso e explícito para o reparto desa bolsa entre os traballadores do Concello, singularmente entre aqueles que están mais afectados, que terán que ver cales son porque tampouco ten unha relación individual deles pero que non se lle pode pedir imposibles e di que conste en acta tal e como acaba de grabarse , preguntando se pode costar literalmente en acta, indicando o Secretario accidental que sí.

Continúa o Sr.Alcalde dicindo que non ten ningún problema en evaluar pormenorizadamente todos aqueles traballadores que dalgunha maneira estean desapegados do Convenio de 2004 pero no no pode evaluar agora mesmo.

O Sr.Pérez Vacas pregunta se é que se substitúe esa proposta pola que ven a Pleno, e o Sr.Alcalde indica que non, e que se non se equivoca, ese é un compromiso que fai, que pon encima da mesa para cando se faga a votación e logo cada Grupo deberá facer o que queira e concrétase que o que se vai votar é o que ven na Orde do día do Pleno.

O Sr.Rodriguez Andina, intervén para expresar que hai un asunto e haber se entendeu ben, porque algún portavoz e non él, dí que na alegación que presenta a CGT o que piden é un compromiso escrito e expreso, que algúen o dixo aquí e se iso era o que se argumentaba esa é a razón pola que a falta dun compromiso escrito o seu Grupo fai a proposta que fixo que parece ser que é o que se pide e pregúntase se o que se propón é o que se pide aquí, de xeito indirecto o Sr.Alcalde está aceptando o que pide ahí a CGT e entón quere que quede claro porque algúen o dixo aquí.



Toma a palabra a Sra. Interventora e dí que a admisión da reclamación como reclamación ao orzamento é imposible, é dicir que se pode tomar en consideración o que piden e parece ser que é o que se pretende pero carece de virtualidade como reclamación ao orzamento; non é unha causa posible de reclamación ao orzamento esixir un compromiso ao equipo de goberno e quere que se entenda que por ahí ben o informe de Intervención, que non é unha cuasa taxativa; que se poderá aceptar e propór o compromiso que se queira pero como reclamación ao orzamento non encaixa nos supostos legais, e por iso se informa a desestimación como reclamación ao orzamento.-

O Sr. Alcalde dí que o compromiso é o que dixo antes, que queda grabado.

Dí tamén, o Sr. Alcalde, á vista do debate que se produce entre algúns concelleiros que o que se produce nos últimos Pleno e que o Alcalde intenta chegar a acordos e que igual hai algunha persoa á que lle molesta e se é así e se alguén ten prisa que se vaia que ata as 12 poden estar aquí.

O Sr. Rodríguez Andina, manifesta que se se acepta a suxerencia do seu Grupo para que faga a proposta o Sr. Alcalde con as reservas que expuso e que deben de estar grabadas catro ou cinco veces e que non vai grabar unha vez mais, e no ben entendido, insiste, que nin unha sola “triquiñuela” legal porque os presupostos do ano que ven é un tema puramente político e “ poden meter unha triquiñuela legal pero o presuposto do 2010 salta polo aire”, o Grupo Municipal Popular nese suposto deixa que o presuposto siga adiante.

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal do PSOE pide que antes de iniciarse a votación quere que se lle diga que é o que se vai votar.

O Sr. Alcalde dí que os puntos da Orde do día, tal cual, e que despois os compromisos aos que se chegou neste debate estarán ben reflectidos nas actas e quedarán ben reflectidos e non cre que deban volver a eles, e o que se vai votar é se se desestiman ou non esas alegacións.

O Sr. Alcalde de seguido somete a votación o ditame da Comisión Informativa e por oito votos a favor (dos membros dos Grupos BNG e PP) e cinco en contra (dos membros dos Grupos PSG-PSOE e UPRI), acórdase prestar aprobación ao mesmo e en consecuencia:

1º. A desestimación das tres alegacións formuladas ao presuposto do Concello para o exercicio de 2009, segundo os informes da Intervención municipal que se engaden como motivación deste acto.

2º. A aprobación definitiva do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2009.

3º. Aproba-las Bases de execución do orzamento integradas por 46 artigos, dúas disposicións adicionais e 1 disposición final.

4º. Aproba-lo cadro de persoal comprensivo de todos os postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, nos termos en que aparecen no anexo de persoal do orzamento.

5º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

E non sendo outro o obxecto da sesión dase por rematada levántandose a mesma sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos, estendéndose a presente acta, do que eu como Secretario acctal. certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL.